

[...]

PRIMEIRAS EXPERIENCIAS DUN MESTRE NOVATO

I. DE "PANDURIÑO" A MESTRE COCIÑEIRO

1. A maneira de prologuíño:

Este mestre xa non é nin novo nin novato. Aínda que nesta profesión mesmo que na difícil aprendizaxe da Vida, todos somos principiantes. Ta vez esta sexa a razón pola que o noso Director, Andrés Torres Queiruga, pense que sempre é humanamente enriquecedor compartir experiencias. Por eso me pediu que contase aquí algunhas das que eu teño coma mestre primeirizo, agora que xa planeo pola miña madurez cronolóxica. Concedo que a experiencia allea pode alumea-la propia e axudar a comprendela mellor. Sen embargo, polo que ó valor da miña se refire, teño moi fortes dúbidas. E, por outra banda, non esquezo a sentenza da sabiduría popular: "Ninguén aprende en cabeza allea". En todo caso, líbreme Deus da pretensión de ensinar a ninguén. Que cadaquén é cadaquén, e Deus sexa con todos.

Amais do que deixo dito, confeso que me dá un certo arrepío falar de min, pola carga de egotismo que poida conlevar, sobre todo, se no decatamos de que vivimos nun mundo freneticamente enfermo de autismo

[...]